

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	SILLEDA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santiago de Taboada
<b>Dirección</b>	Lugar da Eirexe, s/n. 36543
	42.686839 -8.218050
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>A Igrexa de Santiago de Taboada é unha obra románica do século XIII. Posúe planta rectangular, con canzorros e unha gárgola, e remátase nunha espadana con dous vans. Na súa portada principal, de dobre arquivolta, presenta un conxunto formado por catro columnas con capiteis vexetais e animais, amosando no tímpano unha escena na que se representa a loita de Sansón contra o león. En canto á ábsida, tamén conta cunha interesante ventá románica.</p> <p>No contorno do templo pódense apreciar elementos de notable interese como o cruceiro, o sarcófago antropoide, a escultura do Apóstolo Santiago ou o monumento ao peregrino descoñecido, situado na área de lecer próxima.</p> <p>Esta igrexa románica atópase no Camiño do Sueste a Compostela ou Vía da Prata, a pouco máis dun quilómetro da Ponte Taboada.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	4
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	25-07-2025

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<a href="#">María del Rosario</a>	<a href="#">TABOADA, JESÚS (MONEIXAS)</a>	1909	60	125
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">CABANO</a>	1842	65	159

Información completa: [Igrexa de Santiago de Taboada - SILLEDA \(GALICIA\)](#)